

## "CATALOGACIÓN E DIXITALIZACIÓN DE PETRÓGLIFOS DO VAL MIÑOR E REALIZACIÓN DE MODELOS DOS MESMOS EN XEOPOLÍMEROS E CERÁMICAS DE ARXILA COCIDA"

O proxecto foi seleccionado (13/12/2010) pola **Secretaría Xeral da Consellería de Economía e Industria** da Xunta de Galicia e no DOG 246 de 24/12/2010 (páx 20.848) pola que se adxudican as subvencións correspondentes á **tecnoloxía dos materiais e da construción** dos programas sectoriais de investigación aplicada, **PEME I+D e I+D Suma do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación tecnolóxica** cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), no marco do Programa operativo Feder Galicia 2007-2013. O custe do proxecto é de 103.717,55 € e a subvención cubre o 70%.

Este proxecto e o resultado da colaboración de tres institucións:

- O **Instituto de Cerámica de Galicia (ICG)** (<http://www.icg.edu.es/> ; <http://www.usc.es/es/institutos/ceramica/index.html>), un Instituto mixto creado por convenio entre a Universidade de Santiago (**USC**) e a Asociación para o Fomento da Investigación Cerámica en Galicia (**AFICEGA**). As súas principais actividades son: I+D en cerámica, asistencia técnica na empresa, homologación e control e formación de persoal a través de cursos impartidos nos programas de terceiro ciclo. O ICG está dirixido polo profesor-doutor e investigador **Francisco Guitián** e neste proxecto intervirá o doutor en Física e investigador do ICG **Víctor Valcárcel**.
- A **Fundación ITMA**, Instituto Tecnolóxico de Materiales de Asturias (<http://www.itma.es/esp/01/organizacion.html>) integrada na Rede de Centros Tecnolóxicos do Principado de Asturias que ven desenvolvendo as súas actividades de I+D+i e servizos tecnolóxicos ás empresas desde 1991. A Fundación ITMA xestiona dous centros tecnolóxicos: O Centro Tecnolóxico de Materiais non Metálicos (Llanera), e o Centro Tecnolóxico do Aceiro e Materiais Metálicos (Avilés). O seu director xeral é **Ramón Torrecillas**, Investigador do CSIC no INCAR (Instituto Nacional do Carbón). No proxecto intervirán **Julio Ruíz**, doutor en Belas Artes e investigador do ITMA e **Luis Rovès**, enxeñeiro en Técnica Industrial e investigador do ITMA.

- O **Instituto de Estudos Miñoranos** (IEM) (<http://www.minhor.org/>) que dende 1999 ven desenvolvendo unha ampla labor de divulgación da cultura e, en xeral, todo o referente ao patrimonio natural, histórico, artístico, arquitectónico, etnográfico, lingüístico, etc. dos tres concellos do Val Miñor e á realización de estudos de todo tipo nos ámbitos sinalados. Está dirixido dende a súa constitución polo historiador e profesor **Carlos Méixome** e o equipo que participará no proxecto, dirixido polo arqueólogo especialista en arte rupestre **Xosé Lois Vilar**, estará formado por **Eduardo Méndez**, especialista en Paleolítico e responsable da Sección de Historia, Prehistoria e Arqueoloxía do IEM; **Xilberte Manso**, profesor especialista en Arqueoloxía e Etnografía e **Bruno Centelles**, mestre e licenciado en filoloxía e responsable do arquivo de Imaxe e Son do IEM.